



PEC

Revisión curso 2020/2021

1. Datos do centro.....	4
2. Análise do contexto.....	4
2.1 Descrición da contorna.....	4
2.2 Nivel socio-económico das familias.....	6
2.3 Área influencia do centro.....	6
3. Organización do centro.....	6
3.1 Recursos dos que dispón o centro.....	6
3.1.1 Recursos persoais.....	6
3.1.1.1 Persoal docente	6
3.1.1.2 Persoal non docente.....	7
3.1.1.3 ANPA.....	11
3.1.2 Recursos espaciais.....	11
3.1.3 Recursos Materiais.....	11
3.1.4 Recursos organizativos.....	12
3.2 Horarios do centro.....	23
3.3 Servizos do centro.....	25
3.3.1 Transporte Escolar.....	25
3.3.2 Servizo de madrugadores e comedor.....	27
4. Signos de identidade.....	29
4.1 Principios.....	29
4.2 Valores.....	30
5. Obxectivos xerais.....	31
5.1 Ámbito pedagóxico.....	31
5.2 Ámbito institucional.....	32
6. Plan de utilización das instalación do centro.....	33
7. Relación coas familias.....	34
8. Prioridades de actuación.....	36
8.1 Prioridade de actuación das dinamizacións.....	36
8.1.1 Dinamización TIC.....	36

8.1.2 Dinamización Biblioteca.....	36
8.1.3 Dinamización Convivencia/Igualdad.....	37
8.1.4 Dinamización Lingüística.....	37
9. Concreción dos currículos.....	37
9.1 Adecuación dos obxectivos xerais de etapa ao Contexto socioeconómico e cultural do centro e ás características do alumnado.....	37
9.2 Decisións de carácter xeral sobre metodoloxía e a súa contribución á consecución das competencias clave.....	43
9.3 Criterios xerais sobre avaliación e promoción do alumnado.....	46
9.4 Incorporación a través das diferentes áreas e materias da educación en valores.....	48
9.5 Tratamento transversal da educación en valores e outras ensinanzas.....	50
10. NOF	
11. PRRI	
12. PXAD	
13. Anexo II. Plan de acción titorial	
14. Anexo III. Plan de convivencia	
15. Anexo IV. Outros plans e proxectos	
15. 1 Plan específico para o alumnado que permaneza un ano máis no ciclo.	
15. 2 Proxecto lingüístico	
15. 3 Proxecto lector	
15. 4 Plan de integración das tics	
15. 5 Plan de acollida	
15. 6 Plan de igualdade	

1. DATOS DO CENTRO

O CEIP “Isidro Parga Pondal” está situado na Rúa do Saber s/n, no Porto de Sta. Cruz, localidade pertencente á parroquia de Santa Eulalia de Liáns, no Concello de Oleiros, A Coruña.

Teléfono: 881.880.802

Código do Centro: 15025670

CIF: Q6555512J.

Correo electrónico: ceip.isidro.parga@edu.xunta.es.

Páxina web: www.edu.xunta.es/centros/ceipisidroparga

Nel impártense as ensinanzas de educación infantil e primaria e conta con dúas aulas por nivel.

Somos centro plurilingüe dende o curso 2010/11.

2. ANÁLISE DO CONTEXTO

2.1 DESCRICIÓN DA CONTORNA

Oleiros é un concello próximo á cidade da Coruña, situado na marxe dereita da ría do Burgo. O seu territorio municipal atópase encravado na comarca das Mariñas. A súa poboación é de 36.075 habitantes, segundo o Censo Oficial do ano 2019.

Nos últimos anos foi transformando as súas zonas rurais en núcleos urbanos, e hoxe Oleiros é o lugar de primeira residencia de moitos coruñeses e moitas outras persoas, atraídas polo clima e polas praias (Sta. Cristina, Bastiagueiro, Sta.Cruz, Canide, Mera...) que fan de Oleiros o seu lugar de residencia habitual.

Engadimos a este atractivo turístico, unha grande oferta de actividades, que dá lugar a unha axeitada calidade de vida en materia de medio ambiente, cultura, apoio á terceira idade, conservación do patrimonio histórico, etc., e que incide nun continuo aumento da poboación, comportando tamén a transformación das zonas rurais en núcleos urbanos, sobre todo nos ámbitos costeiros.

En Santa Cruz, estase a mellorar considerablemente a infraestrutura cultural e social como son os seguintes:

- Paseo Marítimo

Representa un grande avance para o pobo, posibilitando a vista de todo o entorno do Castelo e do porto, amosándose sen dúbida como o lugar máis singular de toda a costa mariña.

➤ As Torres de Sta. Cruz

Datan de antigo e pertencían á familia Freire. Logo da Contenda Civil pasaron a poder do Movemento Nacional e adicáronse a servizos propios desa organización.

As Torres albergaron tamén as aulas do Colexio mentres non foi construído o novo edificio. Na actualidade, as súas dependencias acollen o “Museo dos Oleiros, José M^a Kaydeda”, a biblioteca municipal “Centro de Documentación da Muller, Rosalía de Castro” e tamén un salón de actos.

- Centro de recuperación de aves e outros animais salvaxes.
- Un viveiro forestal.
- Centro de Formación Municipal “Isaac Díaz Pardo”.
- INEF.
- Pavillón Deportivo “Arsenio Iglesias”, ubicado no recinto escolar e utilizado polo centro para a realización das clases de E.F.
- Centro de Asistencia Primaria.
- Centro da Terceira Idade.
- Centro Social
- CEIDA (Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia)

Existen tamén, parques e zonas recreativas para o lecer coma os parques Luís Seoane, As Galeras, o Bosque dos Veciños...

En Santa Cruz, hai un Centro de Acollida “Lar A Merced”. Algúns deses nenos/as escolarízanse no noso Colexio. Estes nenos/as, polo xeral, presentan un desfase curricular grande, consecuencia do desarraigo familiar no que lles toca vivir. Compensar dito desfase é un obxectivo e un medio para dar a coñecer ó resto do alumnado realidades diferentes ás súas.

2.2 NIVEL SOCIO-ECONÓMICO DAS FAMILIAS

Atopámonos en Sta. Cruz con dous tipos de poboación: unha nova, instalada no concello dende hai poucos anos, e a poboación antiga, que pasou de ser unha poboación rural, adicada case que en exclusiva ao agro, a amosarse coma unha poboación urbana.

O seu nivel socio-cultural é dunha formación académica e profesional moi diversa; dende un grande núcleo de persoas que contan con estudos universitarios superiores, a outras só con estudos primarios. Constátase a tendencia á alza respecto do nivel académico.

Con respecto aos sectores de traballo predomina o terciario. Nunha porcentaxe elevada (polo que se refire as familias do centro) traballan pai e nai fóra da casa. O tipo de vivenda da zona condiciona a chegada de xente dun nivel económico medio-alto.

2.3 ÁREA DE INFLUENCIA DO CENTRO



3. ORGANIZACIÓN DO CENTRO

3.1 RECURSOS DOS QUE DISPÓN O CENTRO

3.1.1 Recursos persoais

3.1.1.1 Persoal docente

Na actualidade, e seguindo a *Orde 12 de Agosto de 2010* feita a través da *Orde 20 de xullo de 2012*, o cadro de persoal docente é o seguinte:

- 8 mestres/as Ed. Infantil
- 11 mestre/as Ed. Primaria
- 1 Especialista de Lingua Francesa

- 2 Especialistas de Lingua Inglesa
- 2 Especialistas de Ed. Física
- 1 Especialista de Música
- 2 mestre/a de Pedagogía Terapéutica
- 1 mestre/a de audición e linguaxe
- 1 Orientador
- 1 Mestre/a de Relixión Católica
- 1 mestra de audición e linguaxe compartida con dous días de permanencia no noso centro.

3.1.1.2 Persoal non docente

- 1 Conserxe

As súas funcións veñen dadas polo *Decreto 3147/1971, de 16 de Diciembre por el que se aprueba el Reglamento del Cuerpo General Subalterno de la Administración Civil del Estado* e veñen delimitadas polo Concello no que se estableza o centro, neste caso o Concello de Oleiros establece as seguintes funcións para o conserxe do noso centro:

- Vixiar e controlar os accesos ás instalacións educativas municipais, facilitando aos cidadáns a información requerida dentro da súa área de traballo.
- Custodiar e manexar as distintas chaves das dependencias educativas.
- Apertura e peche de portas, luces e xanelas.
- Prendido, control e apagado de calefacción e da electricidade.
- Revisar as instalacións municipais internas e externas, dando conta ao responsable de calquera incidencia.
- Coidado do perfecto estado do material e ferramentas empregadas na súa área de traballo.
- Realizar o reparto do correo, documentos ou material das distintas áreas municipais.
- Fotocopiar, ensobrar e selar documentos.
- Manexar e realizar o mantemento das fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outra maquinaria sinxela.

- Realizar tarefas de mantemento das instalacións municipais que requiran a manipulación de maquinaria específica.
 - Realizar xestións sinxelas en organismos e institucións públicas ou privadas.
 - Cumprir coa normativa vixente en relación coa prevención de riscos laborais.
 - Realizar calquera outra función propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Servizo.
- 1 Coidador/a

As súas funcións están recollidas na *Resolución do 18 de decembro de 1986 da Dirección Xeral de Traballo pola que se dá publicidade ó Convenio colectivo para o persoal laboral de educación especial (BOE 16/1/87). Substituída pola Resolución do 23 de Outubro de 1991 (BOE, 12/11/91).*

Anexo II-A, Grupo VI, do Convenio colectivo único da Xunta de Galicia. (Resolución do 20 de outubro de 2008.)(DOG, 03/11/08)

- 1 Administrativo/a

O seu horario está regulado pola *RESOLUCIÓN de 29 de enero de 2009, de la Secretaría General de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria, por la que se da publicidade al acuerdo entre esta consellería y las organizaciones sindicales sobre la jornada de trabajo del personal subalterno y sobre las retribuciones del personal subalterno y auxiliar administrativo que presta servicios en los centros educativos dependientes de la Consellería de Educación y Ordenación Universitaria* no que establece que a xornada do persoal de administración e servizos terá unha duración de 37 horas e 30 minutos semanais. Desenvolveranse en xornada continua, de luns a venres e entre ás 8.00 h e as 21.30 h, sen exceder ao día de 7 horas e 30 minutos e, excepto acordo unánime en contra do persoal afectado, cun descanso de dúas horas entre o final da xornada de mañá e o inicio da xornada de tarde. Poderá regularse un horario diferente do habitual ata un máximo de dez días ao ano e por causa xustificada, reunións de órganos de goberno, probas, avaliacións, etc. No caso de que estes días non figuren na P.X.A., deberá realizarse un aviso previo con sete días naturais de antelación. O establecemento e a modificación da xornada de traballo ou dos horarios corresponde á dirección do centro, previa negociación co persoal afectado. A resolución pola que se establece ou se modifica a xornada de traballo ou o horario, será executiva, e será notificada ao persoal afectado con sete días

naturais de antelación. O horario do persoal non docente recóllese para cada curso, no documento de organización do centro (DOC) e polo tanto forma parte da PXA.

Entre as súas función destacan:

- Apoiar na xestión de datos dos alumnos/as, familias e titores, así como a súa ordenación nos sistemas de información.
 - Informar e realizar a xestións necesarias dos servizos derivados da oferta do centro.
 - Cooperar, informar e rexistrar os datos derivados dos procesos de preinscrición, matriculación, axudas ó estudo e axudas ó comedor.
 - Realizar o tratamento axeitado ós expedientes dos alumnos/as.
 - Recepción e saída da documentación, arquivo e posta ó día da mesma.
 - Recollida de notas telefónicas e persoais.
 - Aquelas funcións que o/ secretario do centro estime oportuno
- Auxiliar de conversa

O/a auxiliar de conversa apoia ao profesorado e especialista da lingua estranxeira correspondente do centro educativo, baixo a coordinación e supervisión do seu coordinador/a. Colabora co docente no desenvolvemento e adquisición das competencias básicas (competencias para aprender a aprender, autonomía do traballo persoal, superación de dificultades lingüísticas...) e o traballo colaborativo. Para un óptimo aproveitamento dos/das auxiliares de conversa, estes deben dedicar a totalidade do seu horario a realizar actividades co alumnado. Son funcións da persoa auxiliar de conversación:

- Axudar na planificación das clases e colaborar na aula como apoio lingüístico.
- Seguir as indicacións da persoa coordinadora e colaborar con el/ela no que se lle solicite.
- Reforzar fundamentalmente as destrezas orais do alumnado na lingua estranxeira, como falante nativo/a da mesma, e promover a difusión cultural. Para iso tentárase que a súa relación co alumnado sexa constante.
- Fomentar a motivación e o interese do alumnado pola lingua e a cultura do seu país de orixe e do conxunto de países de fala inglesa, francesa, alemá, chinesa ou portuguesa.

- Promover iniciativas de formación e/ou apoio ao ensino e aprendizaxe das linguas. A súa presenza na aula (e no centro) debe ser unha fonte de ideas, de creatividade e de novos recursos.
- Desempeñar as funcións que o profesorado co que colabore consideren oportunas e que estean vinculadas ao Programa Plurilingüe.
- Realizar prácticas específicas de conversa.
- Promover o ensino da cultura e civilización do seu país de orixe.
- Achegar recursos didácticos, especialmente material auténtico dos seus países de orixe.
- Participar en actividades de distinta índole: a persoa coordinadora, de acordo co equipo directivo, decidirá en que actividades participará o/a auxiliar: asistencia a reunións de profesorado, charlas, presentacións na clase ou elaboración de materiais didácticos.
- Realizar outras tarefas afíns.

O/a auxiliar non ten plena competencia docente, nin debe ser responsable da avaliación, a cualificación, nin a vixilancia dos alumnos dentro ou fóra da aula.

➤ **Persoal de limpeza**

No centro educativos dispoñemos de 3 persoas no servizo de limpeza que son persoal contratado polo concello mediante subcontrata cunha empresa de limpeza mediante concurso público.

O horario deste servizo de limpeza establecido ata este curso era de 13:00 a 20 :00 por un acordo previo do Concello cos traballadores. No último trimestre do curso 19-20 prodúcese o cambio na contratación do servizo.



3.1.1.3 ANPA

A asociación de pais/nais do noso centro é a ANPA Bidueiro. Xestiona o servizo de madrugadores-almorzos e o comedor ademáis das actividades extraescolares que oferta o centro. Colabora co colexio en todo aquilo que se lles demanda e participa na medida das súas posibilidades poñendo en marcha diferentes proxectos e mercando material axeitado para o centro.

3.1.2 Recursos espaciais

O colexio consta de dous edificios separados polas escaleiras de emerxencia.

O de Educación Primaria ten dúas plantas coas seguintes dependencias: 12 aulas de Primaria, unha de inglés, unha de música, unha de informática, unha de relixión, unha de AL, unha de PT; catro titorías, conserxería, biblioteca, reprografía, sala de profesores, despachos de Dirección, Xefatura de Estudos, Secretaría e Departamento de Orientación.

O edificio de Educación Infantil conta con 6 aulas e un espazo pequeno que se adica a usos varios, aínda que as súas características non son as máis axeitadas.

No soto existe un local destinado á ANPA.

O espazo externo ao edificio consta dun patio axardinado na parte anterior e dunha pista polideportiva na parte posterior. Existen tamén dous pequenos patios cubertos.

Temos concesión plena sobre o uso do pavillón “Arsenio Iglesias” do Concello de Oleiros, que se atopa anexo á parte posterior do centro.

3.1.3 Recursos materiais

En xeral, todas as aulas contan con ordenador, proxector e pizarra de proxección; agás unha aula de AL.

Dispoñemos de aula de Informática con 12 ordenadores e PDI, aula de inglés, aula de música (con PDI), aulas de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe con PDI, e de espazos para algunhas titorías.

3.1.4 Recursos organizativos

ÓRGANOS UNIPERSOAIS

- **Equipo Directivo:** Está constituído polo director/a, o xefe/a de estudos e o secretario/a. As súas funcións están establecidas no *DECRETO 374/1996, de 17 de outubro, por el que se aprueba el Reglamento orgánico de las escuelas de educación infantil y de los colegios de educación primaria.*

Dirección:

É competencia do director:

- a) *Representar oficialmente á Administración educativa no centro, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas.*
- b) *Representar o centro.*
- c) *Dirixir e coordinar tódalas actividades do centro, cara á consecución do proxecto educativo e de acordo coas disposicións vixentes, sen prexuízo das competencias do consello escolar e do claustro.*
- d) *Visar as certificacións e documentos oficiais do centro.*
- e) *Designar, de ser o caso, o xefe de estudos e o secretario, e propoñer o seu nomeamento e destitución. Nomea-los coordinadores de ciclo, ó coordinador de normalización lingüística e ós titores, de acordo co procedemento establecido neste regulamento.*
- f) *Executar os acordos dos órganos colexiados no ámbito da súa competencia.*
- g) *Coordinar a elaboración do proxecto educativo do centro, proxecto curricular e programación xeral anual, de acordo coas directrices e criterios establecidos pola Administración educativa e polo consello escolar, e coas propostas formuladas polo claustro e outros órganos de participación, responsabilizándose co equipo directivo da súa redacción e velando pola súa correcta aplicación.*

h) Convocar e presidir os actos académicos, o consello escolar, o claustro, a comisión de coordinación pedagóxica do centro, a comisión económica do consello escolar e cantas outras se constitúan regulamentariamente, podendo delegar a presidencia dalgunha destas comisións noutros membros do equipo directivo ou do claustro.

i) Cumprir e facer cumprir as leis e demais disposicións vixentes.

l) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ó centro.

m) Favorecer a convivencia do centro e impoñer as correccións que corresponda, de acordo coa normativa vixente, co Regulamento de réxime interior e cos criterios establecidos polo consello escolar.

n) Garantir o dereito de reunión de mestres, alumnos, pais de alumnos e persoal de administración e de servizos, de acordo co disposto na lexislación vixente.

ñ) Colaborar coa inspección educativa na valoración da función pública docente e, en xeral, nos plans de avaliación do centro.

o) Xestionar os medios humanos e materiais do centro, dinamizando os distintos sectores da comunidade educativa, especialmente os restantes membros do equipo directivo e coordinadores de ciclo e normalización lingüística, canalizando achegas e intereses e buscando canles de comunicación e colaboración.

p) Promover e impulsar as relacións do centro coas institucións do seu contorno.

q) Trasladarlle ó delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a memoria anual sobre as actividades e situación xeral do centro, así como, no seu caso, as propostas de solución ós problemas existentes.

r) Facilitar a adecuada coordinación con outros servizos educativos da zona.

s) Coordinar e fomentar a participación dos distintos sectores da comunidade

escolar e procurar os medios precisos para a máis eficaz execución das súas respectivas competencias.

t) Proporcionar a información que lle sexa requirida polas autoridades educativas competentes e colaborar en todo o relativo ó logro dos obxectivos educativos do centro.

u) Facilitar a información sobre a vida do centro ós distintos sectores da comunidade escolar.

v) Autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro e ordena-los pagamentos.

x) Realizar as contratacións de servicios e subministracións de acordo co que regulamentariamente se estableza.

Xefatura de estudos:

É competencia do xefe de estudos:

a) Exercer, por delegación do director e baixo a súa autoridade, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ó réxime académico.

b) Substituír ao director en caso de ausencia, enfermidade ou suspensión de funcións

c) Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico e de orientación de profesores e alumnos, en relación co proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

d) Elaborar, en colaboración cos restantes órganos unipersoais, os horarios académicos de alumnos e profesores de acordo cos criterios aprobados polo claustro e co horario xeral incluído na programación xeral anual, así como velar polo seu estricto cumprimento.

e) Coordinar a actividade dos coordinadores de ciclo.

f) Coordinar e orientar a acción dos titores de acordo co plan de acción tutorial.

g) Coordinar a participación do profesorado nas actividades de

perfeccionamento, así como planificar e organizar as actividades de formación de profesores realizadas polo centro.

h) Coordinar a actividade docente do centro, con especial atención ós procesos de avaliación, adaptación curricular e actividades de recuperación, reforzo e ampliación.

i) Facilitar a organización dos alumnos e impulsar a súa participación no centro.

l) Establecer os mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado, atención a alumnos accidentados ou calquera eventualidade que incida no normal funcionamento do centro.

m) Organizar a atención dos alumnos nos períodos de lecer.

n) Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do ámbito da súa competencia.

Secretaría:

É competencia do/a secretario/a:

a) Ordenar o réxime administrativo do centro, de conformidade coas directrices do director.

b) Actuar como secretario dos órganos colexiados de goberno do centro, levantar acta das sesións e dar fe dos acordos co visto e prace do director.

c) Custodiar os libros e arquivos do centro coa colaboración dos coordinadores do ciclo.

d) Expedir as certificacións que soliciten as autoridades e os interesados.

e) Realizar o inventario xeral do centro e mantelo actualizado.

f) Custodiar e dispoñer a utilización dos medios audiovisuais, material didáctico, mobiliario ou calquera material inventariable.

g) Coordinar, dirixir e supervisar, por delegación do director, a actividade e funcionamento do persoal de administración e de servicios adscrito ó centro.

- h) Elaborar o anteproxecto de orzamento do centro de acordo coas directrices do consello escolar e oída a comisión económica.*
- i) Ordenar o réxime económico do centro, de conformidade coas instrucións do director, realizar a contabilidade e render contas ante o consello escolar e as autoridades correspondentes.*
- l) Velar polo mantemento material do centro en tódolos seus aspectos, de acordo coas indicacións do director.*
- m) Dar a coñecer e difundir a toda a comunidade educativa a información sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional que se reciba no centro.*
- n) Presidir, se é o caso, e, por delegación do director, a comisión económica.*
- ñ) Calquera outra función que lle encomende o director dentro do seu ámbito de competencia.*

ÓRGANOS COLEXIADOS

- **Consello Escolar:** Formado polo director/a como presidente/a, xefe/a de estudos, o secretario/a, cinco mestres, cinco pais/nais, un representante do persoal non docente do centro e un representante do Concello.
- **Claustro:** Integrado pola totalidade do profesorado do centro e presidido polo director/a.

ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:** A comisión de coordinación pedagóxica estará integrada polo director, como presidente; nos centros onde exista, o xefe de estudos; os coordinadores de ciclo; o profesor de apoio á atención de alumnos con necesidades educativas especiais e o coordinador do equipo de normalización lingüística; actuará como secretario un membro da comisión, designado polo director, oídos os restantes membros.

A comisión de coordinación pedagóxica terá, as seguintes competencias:

- a) Elevar propostas ó claustro co fin de establece-los criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
 - b) Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
 - c) Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.
 - d) Establece-las directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de ciclo e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
 - e) Propoñer ó claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
 - f) Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
 - g) Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ó centro de Formación Continuada do Profesorado.
 - h) Realizar, de ser o caso, a proposta ó xefe de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
 - i) Propoñer os profesores/as que han de formar parte do equipo de normalización lingüística.
- **Departamento de Orientación:** Integrado polo orientador/a, o/a mestre de Pedagogía Terapéutica, o/a mestre de Audición e Linguaxe e os/as coordinadores/as de ciclo.
- **Equipos de Nivel ou Ciclo:** Integrados por todos/as os mestres/as que imparten docencia no nivel correspondente, son os órganos básicos encargados de organizar e desenvolver, baixo a supervisión do xefe de estudos, as ensinanzas propias do ciclo.

Son competencias do equipo de ciclo:

- a) Formular propostas ó equipo directivo e ó claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- b) Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.
- c) Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- d) Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Cada un dos equipos de ciclo estará dirixido por un coordinador que desempeñará o seu cargo durante dous cursos académicos e serán designados polo director, oído o equipo de ciclo.

Os coordinadores de ciclo deberán ser mestres que impartan docencia no ciclo preferentemente con destino definitivo e horario completo no centro.

Corresponde ao coordinador de ciclo:

- a) Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo de ciclo.
- b) Convocar e presidir as reunións do equipo de ciclo.
- c) Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo de ciclo.
- d) Coordinar as funcións de tutoría dos alumnos/as de ciclo.
- e) Coordinar a ensinanza no correspondente ciclo de acordo co proxecto curricular de etapa.
- f) Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo.
- g) Responsabilizarse de que se levante acta das reunións e de que se elabore a memoria final de curso.
- h) Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.
- i) Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ó reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.
- l) Colaborar co secretario ou secretaria na elaboración e actualización do inventario do centro.

A programación didáctica dos equipos de ciclo incluíra, necesariamente, os seguintes aspectos:

- a) Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, con especial referencia ós mínimos esixibles.
- b) A metodoloxía didáctica que se vai aplicar.
- c) Os procedementos de avaliación da aprendizaxe dos alumnos.
- d) As actividades de recuperación e os reforzos para lograla dita recuperación.
- e) Os materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar, incluídos os libros para uso dos alumnos.
- f) A programación correspondente ós temas transversais.
- g) As actividades complementarias e extraescolares que se pretenden realizar desde o equipo de ciclo.
- h) As medidas de atención á diversidade e se é o caso, as adaptacións curriculares para os alumnos que as precisen.

Os/As profesores/as programarán a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do ciclo ó que pertencen, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algún profesor/a decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo, ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

- **Titorías:** Cada grupo de alumnos/as ten un titor/a que orienta o proceso educativo individual e colectivo do seu alumnado. O seu obxectivo principal é conseguir un desenvolvemento integral do individuo, que lle permita afrontar as diferentes situacións que irá atopando nas distintas etapas da súa vida.
- **Equipo de Dinamización da Lingua Galega:** Para potenciar o uso da lingua galega constituirase nos centros un equipo de normalización lingüística, constituído por un profesor/a de cada ciclo, por proposta dos seus integrantes.

Os membros do equipo serán nomeados polo director e poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outras membros da comunidade educativa.

É competencia do equipo de normalización lingüística:

1. Presentar, a través do claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
6. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria preveña na súa normativa específica.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor preferentemente con destino definitivo no centro.

O coordinador, que será nomeado polo director por proposta dos compoñentes do equipo, desempeñará as súas funcións durante dous anos, renovables, se é o caso. Cando cese o coordinador do equipo de normalización lingüística antes de finalizar o prazo para o que foi designado, o director nomeará, un profesor ata 30 de xuño.

Son competencia do coordinador:

- a) Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
 - b) Responsabilizarse da redacción dos plans que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
 - c) Convocar e presidir as reunións do equipo.
 - d) Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
 - e) Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.
- **Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias:** Está constituído por un mestre/a que é o coordinador/a do equipo e un representante de cada ciclo.

O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares será un profesor, preferentemente con destino definitivo no centro, que designe o director por proposta do xefe de estudos, oída a comisión de coordinación pedagóxica e actuará baixo a dependencia directa do xefe de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo.

O xefe do equipo de actividades complementarias e extraescolares terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, dos profesores e dos pais e as orientacións do claustro e comisión de coordinación pedagóxica.
- b) Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- c) Proporcionarlles ós alumnos/as e ós pais/nais a información relativa ás actividades do equipo.

- d) Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais.
- e) Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos.
- f) Distribuir os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo de aprobación polo consello escolar.
- g) Organizar a utilización da biblioteca do centro.
- h) Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- i) Presentar propostas ó equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do consello escolar.
- b) Autorización escrita dos pais ou titor legal.
- c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada vinte alumnos/as.

O centro facilitará e promoverá a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os seus representantes no consello escolar, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

O centro, coa aprobación do consello escolar, poderá establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios deberán ser autorizados polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, director xeral de Centros e Inspección Educativa ou conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

As administracións locais poderán colaborar co centro educativo para impulsar as actividades extraescolares e complementarias e promover a relación entre a programación dos centros e o contorno socioeconómico no que estes desenvolven o seu labor.

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nelas será voluntaria.

- **Observatorio da convivencia:** Formado polo director/a, xefe/a de estudos, tres mestres, o/a mestre responsable da coeducación, un representante da ANPA, un pai/nai representante do alumnado, unha persoa do persoal non docente (todos integrantes do consello escolar do centro) e o orientador.
- **Equipos de dinamización:** Cada equipo de dinamización está constituído por un representante de cada ciclo e un representante do departamento de orientación. Son:
 - TIC/Edixgal
 - Biblioteca
 - Convivencia

3.2 HORARIOS DO CENTRO

O horario do centro é **de 9 a 14 horas de setembro a xuño** ambos os dous incluídos.

A distribución horaria é a seguinte:

Todo o profesorado asistirá ao Centro todos **os luns** de cada mes, en horario **de 16 a 19 horas**. De 16 a 17 horas adicárase a titorías cas familias.

As actividades extraescolares, desenvólvense de luns a venres ambos os dous inclusive, en horario de 16 a 18 horas, e hai un mestre que permanece no colexio durante este tempo a cargo da biblioteca. As funcións deste/a mestra serán:

- Representar ao Centro ante calquera incidente que se produza.
- Apertura da Biblioteca e atención da mesma.
- Informar ao Equipo Directivo das observacións que considere oportunas.
- Informar á Xefatura de Estudos si se producen problemas de conduta.
- No caso dun accidente: poñerse en contacto coa familia e dependendo da gravidade contactar co 112.
- Colaborar coa coordinador/a de extraescolares no que necesiten.
- Asinar o libro de gardas e incidencias, ao finalizar o periodo de actividades.

3.3 SERVIZOS DO CENTRO

3.3.1 Transporte escolar

Existen dúas rutas de transporte e a maioría das paradas están a menos de 2 Km. Os usuarios/as contan con autorización excepcional da Xefatura Territorial para poder utilizar dito servizo.

Entrada:

Autobús nº 1 (PAZOS): Pazos, Colexio

Autobús nº 2 (PERILLO): Perillo, Forno de Bea, Bar Paquita, A Ferrala, O Monte, Aguarrío, Couto, Arillo, Rialta, Dorneda (Cruce), Abeleiras, Franzomel e Colexio

Saída:

Autobús nº1 (PAZOS): Colexio, e Pazos

Autobús nº 2 (PERILLO): Colexio, Aguarrío, Couto, Arillo, Rialta, Dorneda (Cruce), Abeleiras, Franzomel, A Ferrala, O Monte, Bar Paquita, Forno de Bea e Perillo.

Á **hora de entrada**, os nenos/as son acompañados polo coidador/a do autobús ata o pavillón. Aquí son recollidos polos mestres de garda de transporte que pasan lista. Os alumnos/as que fagan uso do transporte, en Educación Infantil, entrarán pola porta de infantil que conecta co patio de primaria, acompañados por dous membros do equipo de garda de ese día. Se chove entrarán pola porta do edificio principal preto da Biblioteca, polas escaleiras e pasadizo cuberto de comunicación co polideportivo.

O alumnado de primaria e acompañado por un mestre de garda ata o corredor da planta baixa entrando ó colexio pola porta de acceso do baño de nenas. Mentres que os maiores, 5º e 6º quedan agardando no pavillón ata que toque o timbre para incorporarse ás filas correspondentes.

Á **hora da saída**, o alumnado de Ed. Primaria usuario do Transporte sairá pola porta posterior ao lado do Pavillón. Cando chegue o profesorado de garda colocaranse en filas segundo o autobús que lles corresponda e por orde de idade, alí o mestre de garda pasará lista e acompañaraos ao pavillón onde serán recollidos polos monitores de transporte.

Os alumnos/as que fagan uso do transporte, en Educación Infantil, sairán, porta de infantil que conecta co patio de primaria, acompañados por un membro do Equipo Directivo, saíndo das clases con 10 minutos de antelación. Se chove sairán pola porta do edificio principal preto da Biblioteca, polas escaleiras e pasadizo cuberto de comunicación co polideportivo onde son recollidos/as polos coidadores de transporte.

Seguindo a *Orde do 23 de Xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación no artigo 3 punto 3 "A nivel de transporte escolar o número de persoal docente de garda será de un por cada cincuenta alumnos/as ou fracción".*

Sempre e cando a ratio do profesorado así o permitan, o número de persoal funcionario a custodiar os/as nenos/as do transporte escolar será de catro por cada cincuenta alumnos/as, gardando o dereito ao Equipo Directivo a suprimir a un responsable que por causa ou forza maior precise deixalo a metade do curso.

Computará como horario lectivo as gardas para custodiar ao alumnado transportado desde o inicio da actividade lectiva ata a saída do transporte escolar.

O horario do profesorado de garda será ás 8:40 h no pavillón e pasarán listas, (encargadas de facelas e/o modificalas ao Equipo Directivo) ao alumnado transportado. A garda de saída do transporte escolar será de 14:00 a 14:30, tendo que pasar lista ao alumnado de Educación Infantil (Equipo directivo) e primaria (profesorado de garda de transporte). O intervalo que abrangue de 14:00 a 14:30 h poderán facer a garda unha soa persoa, seguindo o cadro de gardas establecido para cada grupo.

Seguindo a Orde do 23 de Xuño de 2011, no artigo 3 punto 2:

“A xornada semanal do persoal funcionario docente será de 25 horas con carácter lectivo, a razón de cinco horas diarias, de luns a venres”.

A garda de transporte será computable no horario como lectiva fixándose unha sesión por esa actividade, a proposta do Equipo Directivo e baixo a Aprobación do Claustro.

A maioría dos mestres realizan a garda e custodia do alumnado transportado seguindo o lexislado a través da Orde do 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación .O servizo de transporte escolar do centro educativo corre a cargo da Autocares Cal Pita S.A.

3.3.2 Servizo de Madrugadores e Comedor

O centro conta con servizo de comedor e almorzo organizado pola ANPA e para utilizalos é necesario ser socio da mesma.

O servizo de almorzo comeza ás 7:30h.

ceip.isidro.
<http://www.>

O
conta
de
o seu
de
16:00
Os

ACTIVIDAD	Días	Horario
Iniciación al Deporte en equipo	Lunes y Miércoles	16:00 a 17:00
Inglés	Lunes y Miércoles	16:00 a 17:00
	Martes y Jueves	16:00 a 17:00
Manualidades	Lunes y Miércoles	17:00 a 18:00
Animación a la Lectura	Lunes y Miércoles	17:00 a 18:00
Patinaje	Martes y Jueves	16:00 a 17:00
Juegos Musicales	Martes y Jueves	17:00 a 18:00
Urban Dance (Baile Moderno)	Lunes y Miércoles	17:00 a 18:00
	Martes y Jueves	17:00 a 18:00
Cuentos y Marionetas	Viernes	16:00 a 17:00

comedor
cun
servizo
cátering,
horario é
14:00 a
horas.

alumnos/as que fagan uso do servizo de almuerzo farán a entrada do seguinte xeito:

Entre as 8:55 e as 9:00 os monitores acompañarán o alumnado de Primaria polo interior do edificio ata a entrada das súas respectivas filas. O alumnado de Infantil permanecerá ó coidado do seu monitor ata as 9:00 no recinto do comedor entrando ás aulas pola porta do corredor no momento que o fagan os seus compañeiros/as de nivel.

Para o comedor. o alumnado de 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria usuario de comedor será recollido nas aulas por parte de persoal deste servizo. O resto do alumnado, dirixirse ao corredor da Biblioteca onde os monitores pasarán lista e levaranos ao comedor.

En educación infantil, o alumnado de comedor é recollido polo persoal de este servizo ás 13:45h na súa aula e son levados a aula de psimotricidade onde se habilita diariamente un comedor adicional.

Para a recollida do alumnado hai dúas quendas: a primeira entre as 15:20 e as 15:30 horas, e a segunda entre as 15:45 e as 16:00 horas.

3.3.3 Actividades Extraescolares

As actividades extraescolares son xestionadas pola ANPA a través dunha empresa contratada para ese fin. O seu horario é de 16:00 a 18:00 h de luns a venres. A proposta das actividades para infantil e primaria respectivamente é a seguinte:



ACTIVIDAD	Días	Horario
Patinaxe	Lunes y Miércoles	16:00 a 17:00
Baloncesto	Lunes y Miércoles	17:00 a 18:00
Estudio dirigido	Lunes y Miércoles	17:00 a 18:00
Multideporte	Martes y Jueves	16:00 a 17:00
	Martes y Jueves	17:00 a 18:00
Fútbol	Martes y Jueves	16:00 a 17:00
Ajedrez	Martes y Jueves	17:00 a 18:00
Guitarra	Martes y Jueves	17:00 a 18:00
Urban Dance (Baile Moderno)	Lunes y Miércoles	16:00 a 17:00
	Lunes y Miércoles	17:00 a 18:00
Inglés 1º y 2º E.P.	Lunes y Miércoles	16:00 a 17:00
	Martes y Jueves	16:00 a 17:00
Inglés Trinity 3º, 4º, 5º y 6º E.P.	Lunes y Miércoles	16:00 a 17:00
	Martes y Jueves	16:00 a 17:00
Dibujo y Pintura	Martes y Jueves	16:00 a 17:00
Lengua de signos	Viernes	16:00 a 17:00
Música y Canto	Viernes	16:00 a 17:00

4. SIGNOS DE IDENTIDADE

4.1 PRINCIPIOS

O CEIP Isidro Parga Pondal é un centro de titularidade pública que asume como seus os dereitos, valores e ideais democráticos incluídos na Constitución Española e na Declaración Universal dos Dereitos humanos.

Organizamos as actividades educativas e a convivencia baseándonos nos principios de igualdade, solidariedade, tolerancia e pluralidade, promovendo a participación de todos os sectores na xestión e na vida do centro.

Os principios que orientan o noso labor son:

- Garantir unha educación de calidade independentemente das capacidades, individuais, sociais, intelectuais, culturais e emocionais.
- Proporcionar, na medida das nosas posibilidades, os apoios necesarios para desenvolver ao máximo as potencialidades do alumnado, garantindo a igualdade de oportunidades.
- O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.

- A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida, proporcionando ao alumnado as ferramentas necesarias para aprender por si mesmos.
- A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- O esforzo do profesorado para presentar ao alumnado contornas de aprendizaxe ricas e motivadoras.
- O esforzo do alumnado como base da súa aprendizaxe.
- A implicación das familias na educación dos seus fillos e fillas, a través da colaboración permanente co profesorado e co centro.
- A orientación educativa dos alumnos e alumnas, como medio para o logro dunha educación personalizada e adaptada ás necesidades de cada alumno/a.
- A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento do centro.
- O diálogo como base da resolución de conflitos nos diferentes ámbitos: persoal, familiar e social.
- A consideración da función docente como factor esencial da calidade da educación, o recoñecemento social do profesorado e o apoio á súa tarefa.
- A colaboración coas administracións locais, rexionais e nacionais na aplicación e avaliación do sistema educativo actual.
- O fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa.
- A concienciación de toda a comunidade educativa con respecto á necesidade de colaborar na construción, na medida das nosas posibilidades, dun mundo sostible.

4.2 VALORES

A escola, dende o respecto e a tolerancia a todas as crenzas e ideoloxías, debe transmitir aos alumnos/as os valores básicos dunha sociedade democrática.

Entendemos como valores fundamentais:

- **Respecto á propia persoa:** fomentando hábitos de hixiene, saúde, alimentación e autoestima.
- **Respecto aos demais:**
 - Tolerancia: Considerando as ideas e opinións dos compañeiros e compañeiras, saber escoitar, saber perdoar e habituarse a ver a postura dos demais poñéndose no sitio dos outros, aceptando o criterio da maioría.
 - Solidariedade: Fomentando actitudes de axuda, colaboración, atención, as necesidades dos outros/as e o traballo en equipo.
- **Responsabilidade:** Ser consecuente coas obrigas e accións de cada un, descubrinto que o esforzo para acadar un obxectivo é un medio para modelar a súa personalidade.
- **Respecto á nosa contorna:** Coidar o material escolar, o recinto, as instalacións do centro, os parques, os xardíns... traballando a reciclaxe e a conservación do medio ambiente.
- **Educación para a paz:** Educar para a comprensión e o manexo positivo dos conflitos, potenciando o diálogo e os intercambios como medio para superar as dinámicas destrutivas.

5. OBXECTIVOS XERAIS

5.1 ÁMBITO PEDAGÓXICO

- Establecer entre o profesorado e o alumnado relacións fluídas que conduzan á confianza, seguridade e autoestima, sendo o/a mestre o canalizador da aprendizaxe.
- Valorar e potenciar as capacidades de cada un dos alumnos/as propiciando no alumnado o desexo e afán de superación non competitivo.
- Aplicar estratexias didácticas que permitan adaptar o currículo ás distintas realidades da aula.
- Facilitar que o alumnado teña unha imaxe positiva e equilibrada de si mesmo comunicándolle os avances, as dificultades e ofrecéndolle as pautas que debe seguir para continuar progresando nas aprendizaxes.

- Utilizar formulacións metodolóxicas baseadas nos principios de: aprendizaxe significativa, motivación, aprendizaxe por descubrimento, partindo dos propios coñecementos e tendo en conta as súas capacidades.
- Integrar nas programacións obxectivos e contidos da cultura, costume e folclore propio da nosa zona.
- Fomentar a comunicación a través dos distintos medios de expresión.
- Establecer relacións coa contorna natural social e cultural, respectándoa, valorándoa e contribuíndo á súa conservación.
- Desenvolver as habilidades sociais do alumnado, fomentando o respecto ás normas, aos diferentes puntos de vista e ás diferenzas de tipo individual e social.
- Estimular o espírito crítico e o razoamento animando ao alumnado a desenvolver iniciativas e a formular interrogantes dende a súa propia experiencia.
- Propiciar a adquisición de hábitos intelectuais e de técnicas de estudo e planificar estratexias para conseguir unha actitude positiva do alumnado cara á lectura e á escritura:
 - Fomentar o uso da biblioteca do colexio e da de aula.
 - Xestionar actividades relacionadas con este tema (encontros con autores, visita a bibliotecas, concursos literarios, etc.)
 - Elaborar anualmente un xornal escolar.
 - Potenciar o emprego da lingua galega na vida cotiá.
- Potenciar as relacións persoais, facendo do colexio un lugar de diálogo e consenso que axude a resolver as pequenas dificultades e nos anime a levar o día a día con alegría e tesón.
- Introducir paulatinamente aos nenos/as do Centro na utilización do inglés como lingua de comunicación cotiá na materia de Plástica.
- Incentivar as actitudes de solidariedade e respecto ao medio ambiente poñendo en práctica o reciclado de material de refugallo do Centro.
- Desenvolver nos alumnos/as as competencias básicas formando cidadáns responsables e críticos.

- Fomentar o uso de medios Tic como ferramenta habitual dentro das aulas para que o noso alumnado se integre sen dificultade dentro da sociedade tecnolóxica.

5.2 ÁMBITO INSTITUCIONAL

- Establecer as canles de comunicación para a participación activa na vida escolar de todos os sectores da comunidade educativa.
- Establecer relacións sistemáticas cos colexios da zona, en especial co IES María Casares ao que estamos adscritos:
 - Ao final de curso, os/as orientadores/as de ambos os dous centros, contactan para que algúns profesores do IES María Casares se despracen ao noso colexio para impartir unha charla sobre o funcionamento do instituto.
 - Os noso alumnado visita a finais de curso o IES para coñecelo.
 - Os profesores de 3º ciclo fan reunións conxuntas cos profesores/as do IES para intentar na medida do posible unificar criterios e solventar aquelas lagoas detectadas polo profesorado de secundaria.
- Continuar coa colaboración do Concello de Oleiros, a través de:
 - A participación nas visitas culturais, concertos e saídas pola contorna programadas polo Organismo Municipal de Cultura para as diferentes idades dos escolares de Oleiros.
 - A subvención que todos os anos vimos recibindo pola súa parte.
 - Do mantemento e pequenas obras.
 - A realización das actividades extraescolares organizadas polo Concello.

6. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN DO CENTRO.

No relativo á utilización das instalacións do centro seguirase o proceso en marcado na Orde 22 de Xullo 1997 no capítulo III, no punto 9: Para a utilización das instalacións do colexio por parte de entidades ou persoas

alleas á comunidade escolar do centro, deberá presentarse unha solicitude ante a dirección do centro, que solicitará do consello escolar o preceptivo informe para a súa posterior tramitación á Xefatura Territorial de Educación, que resolverá o que proceda, despois de informe da inspección educativa. Para uso ocasional e con carácter excepcional, o director poderá autorizar o uso das instalacións sempre que non se altere o normal desenvolvemento das actividades docentes. Para a utilización das instalacións por parte das asociacións de pais e nais de alumnos, asociación de antigos alumnos e as súas respectivas federacións, sindicatos, movementos de renovación pedagóxica e grupos de profesores, só se require a solicitude previa á dirección do centro, cunha antelación mínima de tres días, quen concederá a autorización no marco das directrices fixadas polo consello escolar, se o seu destino é a finalidade propia de ditas institucións, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro. As instalacións dos centros poranse sempre a disposición da Administración para a formación do profesorado, cursos para a educación de adultos presencial ou a distancia, etc.

7. RELACIÓN COAS FAMILIAS

Os docentes de hoxe en día nunca deben actuar en solitario. Por formar parte dun claustro e de unha comunidade educativa, ademais dos mestres, teranse en conta as determinadas institucións e as familias, parte indispensable do proceso. Cada alumno/a chega ao centro escolar cunha historia persoal, unha mochila cargada de vivencias que o mestre debe coñecer en canto ao referido ao que poida afectar ao ámbito escolar (Lei 15/99 e Protocolo de Protección de datos persoais) coa finalidade de evitar xuízos de valor incorrectos e actuar de xeito incorrecto, cobrando, neste senso, gran importancia o aspecto emocional, tan patente dende que o neno/a chega ao mundo. Así pois, determinadas características veranse influenciadas tanto por factores internos como externos, que tal e como se reflexa dende a LOE e dende a LOMCE, no seu artigo 80, *a escola debe actuar como compensadora de desigualdades*. Así pois atendendo ás seguintes funcións manteranse canles de comunicación abertos:

LOE/LOMCE, artigo 91: funcións profesor:

- A titoría dos alumnos, a dirección e a orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias. O
- A información periódica ás familias sobre o proceso de ensinanza dos seus fillos/as, así como a orientación para a cooperación no mesmo.
- Decreto 374/96, artigo 81:
- Facilitar a cooperación educativa entre profesores e pais do alumnado.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio ao aprendizaxe e a orientación de los alumnos.

Coa finalidade de manter unhas canles de comunicación abertas e fluídas, o centro pon a disposición das familias o Plan de comunicación no que se destacan os seguintes medios:

- Comunicación vía abalarmóbil: Coa finalidade de que poidan xustificar as faltas de asistencia, solicitar titorías, recibir información por parte tanto do/da titor/a como do equipo directivo e mestres especialistas.

- Correo electrónico do centro: ceip.isidro.parga@edu.xunta.es -

Horario de titorías: Luns de 16:00 a 17:00h.

- Horario de atención ás familias por parte do equipo directivo: Anualmente concretarase na PXA en base aos horarios que se establezan para o profesorado.

- Ao inicio de curso cada titor/a realiza unha reunión grupal con todas as familias do alumnado que titoriza na que se traen como mínimo os seguintes temas: Obxectivos para o curso escolar.

- Metodoloxía que se vai empregar.
- Criterios de cualificación e de promoción (para educación primaria).
- Horarios do centro.
- Xeito de comunicación coas familias.
- Canles de participación das familias no centro.

- Normas de organización do centro.

A reunión de educación infantil, como norma xeral, realizarase antes do inicio das clases e a de educación primaria ao longo do mes de setembro ou máis tardar a inicio de outubro.

En relación á participación das familias no centro destacamos:

- Consello Escolar.
- ANPA.
- Participación nas festividades abertas ás familias:

Actividades en aula: As familias poden realizar actividades na aula dos seus fillos/as que apoiem o currículo do alumnado.

8. AS PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

- Que exista unha comunicación bidireccional entre os compoñentes dos diferentes grupos das dinamizacións e os ciclos.
- Que se optimicen os recursos para contar cunha infraestrutura que nos permita actualizarnos e dar resposta ás necesidades do centro en relación ás novas tecnoloxías.
- Que se desenvolvan ao máximo as potencialidades do noso alumnado formando cidadáns competentes, críticos e responsables.
- Que se estableza coas familias unha comunicación fluída facéndoas partícipes da educación dos seus fillos e fillas.

8.1 PRIORIDADES DE ACTUACIÓN DAS DINAMIZACIÓNS

8.1.1 Dinamización das TIC

- Priorizar a formación do profesorado, facilitando a realización de grupos de traballo e proxectos de formación no centro en relación ás novas tecnoloxías.
- Facilitar a utilización das TIC en todas as actividades do colexio, facendo das mesmas unha ferramenta de traballo básica na vida diaria do colexio.

- Continuar loitando pola concesión e desenvolvemento do Proxecto Abalar, ferramenta que consideramos imprescindible para que os nosos alumnos e alumnas consigan as competencias básicas.

8.1.2 Dinamización da Biblioteca

- Usar a biblioteca como espazo e lugar para desenvolver actividades de lectura, estudo e consulta.
- Empregar a biblioteca como dinamizadora das actividades do centro.
- Elaborar proxectos de traballo interdisciplinares relativos ás actividades colectivas que se fan ao longo do curso.
- Confeccionar materiais para o fomento da lectura, e tamén para conmemoracións especiais, en formato dixital, e moi especialmente para a PDI.
- Priorizar o préstamo de libros ao alumnado do centro a través do programa de xestión MEIGA.

8.1.3 Dinamización da Convivencia

- Utilización do diálogo como forma de arranxar as condutas disruptivas.
- Implicar ao alumnado na elaboración das normas de aula.
- Dar a coñecer as normas de funcionamento do colexio ao alumnado e ás familias a través da aula e da primeira reunión de curso coas familias.
- Facilitar a integración dos nenos e nenas estranxeiros, dinamizando os recursos dispoñibles no Plan de Acolida.

8.1.4 Dinamización lingüística

- Priorizar as destrezas orais nas tres linguas para desenvolver as competencias comunicativas de acordo coas idades e capacidades do alumnado.

9. A CONCRECIÓN DOS CURRÍCULOS

9.1 ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA AO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO E CULTURAL DO CENTRO E ÁS CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO

EDUCACIÓN INFANTIL

OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN INFANTIL

O Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 4 di que a EI contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b. Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c. Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d. Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- e. Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- f. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- h. Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- i. Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

OS OBXECTIVOS QUE PRETENDEMOS ADQUIRIR AO REMATE DE EDUCACIÓN INFANTIL SON:

- a. Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo de maneira que se forme unha imaxe positiva de si mesmo/a, que valore a súa identidade sexual, as súas capacidades e limitacións de acción

- e de expresión, aprendendo a respectar as diferenzas entre o propio corpo e o dos demais, e adquirindo hábitos básicos de saúde e benestar. (a,c,)
- b. Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais de xeito que desenvolva as súas capacidades afectivas e a súa seguridade emocional, e que adquira progresivamente iniciativa e confianza en si mesmo/a. (c,d,e)
- c. Observar e explorar o seu medio familiar, natural e social establecendo relacións sociais nun ámbito cada vez máis amplo, aprendendo a articular progresivamente os propios intereses, puntos de vista e contribucións cos dos demais. (b, e)
- d. Establecer vínculos fluídos de relación cos adultos e cos seus iguais, de xeito que adquira progresivamente pautas elementais de convivencia, e que responda aos sentimentos de afecto, exercitándose na resolución pacífica de conflitos, respectando a diversidade e desenvolvendo actitudes de axuda e de colaboración. (d,e)
- e. Observar e explorar o medio inmediato cunha actitude de curiosidade e de coidado, e identificar as características e propiedades máis significativas dos elementos que o conforman e algunhas das relacións que se establecen entre eles. (b,g)
- f. Coñecer algunhas manifestacións culturais do seu medio e amosar actitudes de respecto, interese e participación cara a elas. (f,b)
- g. Representar e evocar aspectos diversos da realidade vividos, coñecidos ou imaxinados e expresalos mediante as posibilidades simbólicas que ofrecen o xogo e outras formas de representación e de expresión. (f,g,h,i)
- h. Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión, axustándose ás diferentes situacións de comunicación habituais para comprender e ser comprendidos polos outros, expresar as súas ideas, sentimentos, experiencias e desexos,

avanzar na construción de significados, regular a propia conduta e influír na dos demais. (a,d,e,f)

- i. Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectoescritura, no movemento, no xesto e no ritmo. (g,h)
- j. Enriquecer e diversificar as súas posibilidades expresivas mediante a utilización dos recursos e dos medios ao seu alcance, así como apreciar diferentes manifestacións artísticas propias da súa idade. (f,h,i)
- k. Introducir as novas tecnoloxías como recurso habitual na aula. (i)

OBXECTIVOS XERAIS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O artigo 3 do Decreto 105//2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de E. Primaria, establece que os obxectivos da mesma estarán encamiñados ao logro das seguintes capacidades:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas

OBXECTIVOS XERAIS QUE PRETENDEMOS ADQUIRIR AO REMATE DA EDUCACIÓN PRIMARIA SON:

Serán obxectivos de Ed. Primaria os seguintes:

- a. Apreciar a importancia dos valores básicos que rexen a vida e a convivencia humana e obrar de acordo con eles. Familiarizarse co funcionamento das institucións democráticas da Comunidade e do Estado valorando a importancia do sistema democrático no desenvolvemento da nosa sociedade.(a).
- b. Desenvolver unha actitude participativa e democrática en actividades de grupo, achegar os puntos de vista e intereses propios respectando as opinións diferentes á propia e asumir as responsabilidades que lle correspondan na planificación e realización das actividades (b,a).
- c. Desenvolver actitudes favorables á igualdade de oportunidades para todas as persoas independentemente do seu sexo, raza ou nacionalidade. (c,d).
- d. Desenvolverse de xeito autónomo na experiencia diaria, establecendo relacións de grupo en distintos ámbitos e valorando as relacións afectivas do grupo en distintos ámbitos e valorando as relacións afectivas e as vantaxes que ofrece a colaboración en grupo.(c).
- e. Comprender e producir con fluidez mensaxes orais e escritas, en galego e en castelán atendendo a diferentes intencións e contextos da comunicación (e).
- f. Valorar a lectura como unha opción de lecer, desenvolver a lectura comprensiva e potenciar a velocidade lectora. (e)
- g. Comprender e producir mensaxes sinxelas na lingua inglesa co fin de poder participar en situacións de comunicación propias da vida cotiá que requiran o emprego de dita lingua. (e)
- h. Aplicar coñecementos matemáticos básicos para a resolución de problemas en situacións da vida cotiá (g).
- i. Coñecer as particularidades do patrimonio natural, histórico e artístico de Galicia e valorar a necesidade de participar de xeito activo na súa

- protección e conservación para asegurar a súa sostibilidade e o seu traspaso ás xeracións futuras (h)
- j. Valorar a contribución á nosa cultura de diferentes personalidades da historia e da cultura galega (h)
 - k. Familiarizarse co emprego das novas tecnoloxías como medio para redactar, recibir e transmitir información (i).
 - l. Utilizar os medios de expresión verbal, corporal, plástica, musical e matemática nos contextos de comunicación propios, explotando as posibilidades creativas que as relacións entre eles poden ofrecer. (j)
 - m. Apreciar e gozar das manifestacións artísticas do patrimonio cultural, así como da produción de obras propias (j)
 - n. Desenvolver e apreciar hábitos de saúde e benestar e reflexionar sobre as repercusións de determinadas condutas sobre a saúde e a calidade de vida, co fin de conseguir unha vida sa e equilibrada. (k)
 - o. Valorar a contorna natural e desenvolver hábitos e actitudes que contribúan ao seu coidado (l)
 - p. Establecer relacións equilibradas, constructivas e asertivas coas persoas da propia contorna cotiá (m)
 - q. Comprender a importancia do coñecemento e do respecto das normas de seguridade vial para a nosa integridade física e dos demais. (n)

9.2 DECISIÓNS DE CARÁCTER XERAL SOBRE METODOLOXÍA E A SÚA CONTRIBUCIÓN Á CONSECUCIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

A inclusión das competencias clave no currículo ten varias finalidades: integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais incorporadas ás diferentes áreas e materias, como as non formais; permitirlles a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes, poñelas en relación con distintos tipos de contidos e utilizalas de xeito efectivo cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

O concepto competencia defínese como “a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma axeitada”. A competencia “supón unha combinación de habilidades prácticas,

coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións, e outros componentes sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”. Contémplanse, como coñecemento na práctica, é dicir, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais e, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos non formais e informais.

As competencias, por tanto, conceptualízanse como un “saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Dado que a aprendizaxe baseado en competencias se caracteriza pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral, o proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial debe abordarse dende todas as áreas de coñecemento..

Ademáis, este aprendizaxe implica unha formación integral das persoas que, o finalizar a etapa académica, deben ser capaces de transferir aqueles coñecementos adquiridos as novas instancias da vida. Así, poderán reorganizar o seu pensamento e adquirir novos coñecementos, mellorar as súas actuacións e descubrir novas habilidades, favorecendo un aprendizaxe ao longo de toda a vida.

As competencias clave no Sistema Educativo Español, tal e como son enumeradas e descritas na Orden ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e los criterios de evaluación da educación primaria. Son las siguientes:

- Comunicación lingüística CCL
- Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología
- Competencia digital
- Competencias sociales y cívicas
- Sentido de la iniciativa y espíritu emprendedor
- Conciencia y expresiones culturales

Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Ao ser as competencias un elemento organizador van ter influencia, non só nos contidos e na avaliación, senón tamén na metodoloxía.

- Partiremos do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas **aprendizaxes previas**.
- Deberemos conseguir unha **aprendizaxe por descubrimento** que á súa vez sexa **significativa** para o alumno/a; é dicir, que debe poder establecer relacións entre as súas experiencias previas e as novas aprendizaxes.
- Proporcionaremos situacións de **aprendizaxe motivadoras**, nas que os alumnos deban actualizar os seus coñecementos e que os leven a **reflexionar e a xustificar** as súas actuacións.
- Unha **metodoloxía globalizadora** que requira interrelacionar todas as aprendizaxes e que permita abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto na súa globalidade, e que os leve á consecución das competencias básicas.
- Promoveremos a interacción na aula como motor da aprendizaxe. Os alumnos adquiren os coñecementos mediante **a acción** ou manipulación, levando a cabo unha actividade tanto física como mental, nunha contorna lúdica, xa que a través da actividade e o xogo experimentan, exploran e descubren relacións, propiedades, contraen os seus esquemas de coñecemento, estimulan a súa creatividade e imaxinación e séntense protagonistas e suxeitos activos do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Debemos ser **flexibles** na organización das actividades, adecuándoas aos ritmos de aprendizaxe dos nenos, partindo dos seus ritmos biolóxicos e establecendo rutinas cotiás para axudar a estruturar a

actividade. Debemos ter en conta a atención á diversidade, xa que as nosas aulas nunca son homoxéneas, nelas hai alumnos con nee que requiren maior flexibilidade.

- A **afectividade** e a **socialización** son dous aspectos intimamente unidos no mundo interior do ser humano. Debemos favorecer as relacións co medio e provocalas a través dos xogos, experimentación, etc. A aprendizaxe terá **unha interacción entre iguais** que fomente o intercambio de ideas e o cuestionamento dos propios esquemas, a descuberta dos propios erros, o desenvolvemento do respecto cara ás opinións alleas, a participación responsable nas tarefas de grupo e o dominio cada vez máis autónomo das regras que rexen o intercambio comunicativo.
- O **papel do profesorado** será facilitador de aprendizaxes críticas e persoais, propiciador de experiencias integradoras, significativas, diversificadas e globalizadoras, favorecedor do traballo colectivo e cooperativo, que permita a exploración, a experimentación e o descubrimento, e dinamizador do grupo de tal forma que o alumnado sexa capaz de relacionar as súas ideas previas coas novas aprendizaxes.

9.3 CRITERIOS XERAIS SOBRE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das disciplinas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos I, II e III do *DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, por el que se establece o currículo de la educación primaria en la Comunidad Autónoma de Galicia.*
2. A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

3. Estableceranse as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización das avaliacións, incluída a avaliación de terceiro curso e a avaliación final de etapa, se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
4. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.
5. Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o que establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.
6. Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.
7. Os centros docentes realizarán unha avaliación individualizada a todos os alumnos e as alumnas ao rematar o terceiro curso de educación primaria, segundo dispoña a Consellería con competencias en materia de educación, na que se comprobará o grao de dominio das destrezas, as capacidades e as habilidades en expresión e comprensión oral e escrita, cálculo e resolución de problemas en relación co grao de adquisición da competencia en comunicación lingüística e da competencia matemática. De resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis axeitadas. Estas medidas fixaranse en plans de mellora de resultados colectivos ou individuais que permitan solventar as dificultades, en colaboración coas familias e mediante recursos de apoio educativo.

8.- Co fin de facilitar a transición desde a educación primaria á educación secundaria obrigatoria, os centros docentes prestaranlle unha especial atención á coordinación entre ambas as dúas etapas, para salvar as diferenzas pedagóxicas e organizativas e os desaxustes que se poidan producir no progreso académico do alumnado, para o que se terá en conta, entre outros mecanismos, o informe indicativo do nivel obtido na avaliación final de etapa.

Promoción

1. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.
2. O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando en conta a decisión do profesor titor.

9.4 INCORPORACIÓN A TRAVÉS DAS DIFERENTES ÁREAS E MATERIAS DA EDUCACIÓN EN VALORES

O Centro pretende inculcar no alumnado valores que consideramos fundamentais para vivir nunha sociedade pluralista e diversa, e que serán unha constante na vida diaria do centro, nas diferentes áreas e materias, e coidaremos de maneira especial as relacións persoais facendo da vida do centro un modelo a seguir.

RESPECTO E TOLERANCIA: Propiciar a consideración do outro, neno/a ou adulto/a, admitindo os diferentes enfoques e opinións dentro dun clima de

tolerancia, cordialidade e honestidade. Así mesmo, promover a valoración dos outros seres vivos, dos obxectos, e da nosa contorna natural.

RESPECTO Á DIVERSIDADE: Fomentar actitudes de respecto “ao diferente” facilitando a aceptación de que as realidades individuais son diversas tanto dende o punto de vista cultural, social e económico coma dende o propio individuo. O individuo é "único" por orixe, sexo, condicións sociais, características físicas, aptitudes, estilos cognitivos e afectivos. O noso obxectivo é propiciar a igualdade de dereitos e obrigacións, a non discriminación do individuo, a aceptación das "diferenzas", e o enriquecemento persoal que estas levan consigo.

AUTONOMÍA: Propiciar o desenvolvemento integral dos nenos/as nos aspectos físicos, afectivos e intelectuais, facilitando os recursos que favorezan a toma de iniciativa persoal dentro do grupo e que permitan os procesos de introspección e coñecemento do mundo interno, para crear unha imaxe de si mesmo. Neste sentido, hai que favorecer o coñecemento e valoración dos propios límites e posibilidades, potenciando a autoestima e o establecemento de relacións sociais cos iguais e cos adultos. E, á fin e ao cabo, crear os "espazos" que permitan o desenvolvemento individual harmónico, a inclusión e a participación no grupo.

SOCIALIZACIÓN E COLABORACIÓN: Facilitar os recursos que permitan ao neno/a establecer as relacións sociais e afectivas, desenvolvendo actitudes de colaboración e apoio que propicien o respecto ás pautas e normas que determinan tanto o grupo de referencia, coma o grupo ampliado. Promoveremos a participación, a comunicación e o compromiso de cada un dos individuos cara a un obxectivo común.

CREATIVIDADE: Fomentar a utilización dos recursos persoais para enfrontarse ás diferentes situacións creando alternativas e buscando solucións innovadoras. Propiciar que o neno/a se enfrente á realización de tarefas e actividades buscando “novas formas de facer”, facilitando a investigación, o descubrimento e a creación de diferentes respostas. Deixar

facер, orientar e non dirixir son a base da formación. Na diferenza está a riqueza.

ESPÍRITO CRÍTICO: Realizar análises, emitir opinións e establecer xuízos sobre unha determinada idea ou concepto supón poñer en “acción” as competencias básicas adquiridas e tomar decisións ante situacións diferentes, promovendo actitudes flexibles ante outros puntos de vista. A nosa finalidade é formar cidadáns críticos, responsables e solidarios.

RESPONSABILIDADE: Fomentar o valor da responsabilidade como un deber da persoa, levándonos coa súa práctica diaria a esforzarnos nos nosos traballos e a unha maior autoconfianza que nos facilitará o día a día no ámbito escolar, familiar, persoal, profesional e na amizade. Proporcionando aos nosos alumnos/as as pautas para saber priorizar os feitos que nos leven a cumprir coas nosas obrigas, asumindo as consecuencias das nosas accións e decisións e perseguindo o xusto e o cumprimento do noso deber con fin de facilitar a convivencia social e persoal.

IGUALDADE: Levar a cabo un modelo educativo que favoreza o desenvolvemento integral das persoas con independencia do sexo ao que pertencen, eliminando e corrixindo todo tipo de mecanismos discriminatorios mediante un clima de igualdade real sen ningún tipo de condicionantes ou limitacións impostas por razón de sexo. Proporcionando dende o centro as pautas necesarias para favorecer a liberdade feminina, as relacións de confianza baseadas no diálogo e non na forza, e formando alumnos/as que incorporen na súa aprendizaxe valores de igualdade que lles permitan compartir a vida dende o respecto, o recoñecemento mutuo, a autonomía e a corresponsabilidade e traballando no continuo desenvolvemento do proxecto de igualdade mellorando todos aqueles aspectos que día a día observemos que non se adaptan a unha idea de igualdade entre homes e mulleres, nenos e nenas.

9.50 TRATAMENTO TRANSVERSAL DA EDUCACIÓN EN VALORES E OUTRAS ENSINANZAS

A educación en valores preséntase como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar. Trátase dunha serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados, nos que interactúan todas as competencias curriculares. Son un cúmulo de actitudes que pretendemos que os nenos/as interioricen dende o convencemento e por propia vontade, xa que non deben ser impostos. Están á orde do día na sociedade (familias, medios de comunicación, amigos...)

Cada tema transversal tratarase didáctica e metodoloxicamente a tres niveis:

- A nivel teórico, permitindo ao alumno coñecer a realidade e problemática contida en cada tema transversal.
- A nivel persoal, analizando criticamente as actitudes persoais que deben interiorizar para facer fronte á problemática descuberta en cada tema transversal.
- A nivel social, no que consideren os valores e compromisos colectivos que deberán adoptarse.

Os temas transversais que impregnan todas as áreas curriculares e están presentes na vida cotiá do noso centro son:

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA. Implicarémonos para que os alumnos/as interioricen pautas, normas e valores que lles permitan actuar con responsabilidade dentro dunha sociedade pluralista, na que as propias crenzas, valoracións e opcións convivirán coas dos demais. Consegúrase analizando criticamente dende todas as áreas e dende a propia vida do centro, a realidade cotiá e as normas vixentes, axudando a formar ideas máis xustas e axeitadas de convivencia, respecto e solidariedade. Son os alumnos/as os que deben construír criterios morais propios, razoando e dialogando, só desta maneira interiorizarán as pautas e normas de convivencia da sociedade como propias. Presentaranse contextos nos que os alumnos e alumnas se vexan obrigados a xulgar e xerarquizar valores.

EDUCACIÓN PARA A PAZ. Entendemos a paz como o proceso de realización da xustiza nos diferentes niveis da relación humana. É un concepto dinámico que nos permite facer aflorar, afrontar e resolver os conflitos de forma non violenta, o seu obxectivo é conseguir a harmonía das persoas consigo mesmas, coa natureza e co resto das persoas. Para iso trataremos de formar persoas con habilidades para tratar os conflitos e as relacións cotiás nas que nos vemos inmersos.

Aproveitaremos os acontecementos que ocorran espontaneamente en calquera das áreas do currículo e na vida diaria do centro para indagar, analizar, traballar o control das emocións e fundamentalmente para dialogar.

As diferenzas culturais entre os distintos pobos son un rico patrimonio que hai que coñecer para valorar a todas as persoas por igual. O neno debe achegarse ao coñecemento doutras realidades, coa finalidade de respectar os costumes e formas de vida que alí se manifestan.

EDUCACIÓN PARA A SAÚDE. Ten como obxectivo a adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de hábitos que fomenten estilos de vida saudables que favorezan o benestar, o desenvolvemento persoal, familiar e da comunidade.

Aínda que se traballará en todas as áreas é en Ciencias Naturais e en Educación Física nas que se tratan máis contidos relacionados coa saúde. O exercicio físico nestas idades favorece o desenvolvemento físico e a absorción de calcio, base da constitución ósea e da saúde en idades posteriores.

O coñecemento do propio corpo é a base para introducir algúns conceptos básicos de saúde e de hixiene que deben traducirse en hábitos e manterse durante toda a vida da persoa.

Intentaremos:

- Concienciar aos alumnos/as e ás familias da necesidade de seguir unha dieta equilibrada e saudable, rica en froitas e verduras evitando os alimentos de orixe industrial e precociñados.
- Reflexionar e analizar criticamente algúns hábitos de vida que poidan indicar un trastorno alimentario.

- Introducir o exercicio físico como práctica diaria na vida do alumno/a.
- Concienciar ás familias e aos alumnos/as da necesidade de descansar suficientes horas.
- Inculcar hábitos de control postural correcto para previr futuras complicacións de espalda.

EDUCACIÓN SEXUAL. Trataremos de dar a coñecer os aspectos biolóxicos da sexualidade, de informar, orientar e educar os aspectos afectivos, emocionais e sociais, entendéndoa como unha actividade plena de comunicación entre as persoas.

Traballarase a partir dos cambios corporais que aparecen co crecemento e que diferencian fisicamente os dous sexos, do concepto da familia, do xénero, do amor, da orientación sexual, ensinando en todo momento que o respecto polo outro é fundamental en calquera tipo de acercamento.

EDUCACIÓN AMBIENTAL: A necesidade de proporcionar aos nosos alumnos/as unha educación medioambiental capaz de espertar, xerar e consolidar neles unha conciencia e actitude de respecto e conservación da súa contorna e da Natureza, convértese na actualidade nunha urxencia vital dado o nivel de contaminación e degradación que a actividade humana está ocasionando no medio

Pretendemos concienciar ao alumnado para que desenvolvan actitudes favorables á protección e conservación do medio ambiente, participando en diversas campañas e impulsando, dende o centro, iniciativas de recollida selectiva de residuos, de consumo responsable, diferenciando o necesario do superfluo e camiñando cara a un mundo máis sostible. Pretendemos:

- Concienciar aos alumnos/as do uso responsable da enerxía e dos recursos naturais a través de sinxelos xestos cotiáns.
- Inculcar a recollida selectiva dos residuos dende a escola.

- Utilización dos aparatos ata o seu fin; aínda que nós podamos mercar un novo, temos que pensar no que se contamina para construír e no que se contaminará para reciclar o vello.
- Espertar nos alumnos actitudes de coidado e conservación da contorna natural, disfrutando da súa beleza natural.

EDUCACIÓN VIAL. Intentaremos ensinar comportamentos e regras básicas dos peóns, dos usuarios dos medios de transporte e dos condutores, fomentando unha educación para a convivencia e a utilización da contorna de forma responsable. Pretendemos:

- Ensinar a usar, disfrutar e coidar os equipamentos urbanos, os medios de transporte, as zonas verdes e as instalacións deportivas.
- Concienciar ao alumnado dos problemas viais e das situacións de risco e de perigo que se poidan producir.
- Dar a coñecer as normas básicas de circulación peonil e dos condutores de bicicletas.
- Descubrir e valorar as alternativas de ocio que ofrece o medio urbano.
- Utilizar xogos de simulación vial, organizando circuítos e percorridos nos que os alumnos/as vaian pasando por diferentes roles.
- Valorar a utilización do transporte público como forma de desprazarse económica e menos contaminante.

EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR. Vivimos nunha sociedade onde se mide a calidade de vida pola cantidade de cousas materiais que se teñen. Intentaremos dotar aos alumnos dunha actitude crítica cara ao consumo:

- Valorando o “ser” e non o “ter”
- Concienciando aos nenos/as das necesidades básicas e axudándoos a distinguir o necesario do superfluo.

- Ensinándoos a disfrutar e a coidar os bens que posúen e que consumen por sinxelos e cotiáns que parezan, valorando a súa utilidade.
- Interpretando criticamente as mensaxes publicitarias para analizar e indagar sobre a súa veracidade.
- Facéndolles ver que mercar un aparello novo, cando o que temos presta servizo é prexudicial para o medio ambiente, contámínase para produci-lo e para reciclalo. Aínda que nós o poidamos custear o medio ambiente non pode. Temos que avanzar cara a un mundo sostible.
- Proporcionando experiencias de aproveitamento de elementos de refugallo desenvolveremos hábitos de utilización dos recursos que teñen ao seu alcance.

EDUCACIÓN NON SEXISTA. *“El valor de la igualdad constituye una de las bases fundamentales sobre las que debe construirse nuestro sistema educativo”* (Contreras, 1998, p.122). Esta igualdade debe referirse á raza, á relixión e moi especialmente á igualdade de ambos sexos intentando erradicar o machismo que, por desgraza, segue demasiado estendido na nosa sociedade. En relación á coeducación, seleccionaremos os contidos favorecendo:

- O propio esquema corporal tendo en conta as características da sexualidade, sen cargas menospreciativas ou inhibitorias.
- O xogo, utilizarase dende infantil como recurso para fomentar a igualdade real entre ambos sexos, favorecendo que os alumnos/as se acostumen a xogar e a realizar tarefas sen discriminación por razón de sexo.
- A práctica deportiva, formulando xogos sen distinción de sexos, confeccionando equipos mixtos, fomentando a cooperación e non só a competición, facilitando que cada alumno/a poida encontrar unha actividade significativa e satisfactoria adaptada á súa realidade.



- Propoñendo actividades en que a muller sexa o suxeito activo directivo relevante no desenvolvemento da mesma.
- Utilizarase unha linguaxe coeducativa.

10 ANEXO I. PLAN DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE. PLAN DE ORIENTACIÓN.

11 . ANEXO II. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

12 ANEXO III. PLAN DE CONVIVENCIA (ANEXO III)

13 ANEXO VI. OUTROS PLANS E PROXECTOS

13. 1 PLAN ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO CICLO.

13.2 PROXECTO LINGÜÍSTICO

13.3 PROXECTO LECTOR

13.4 PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS

13.5 PLAN DE ACOLLIDA

13.6 PLAN DE IGUALDADE